

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS) E A FUNDACIÓN XAIME QUESADA BLANCO PARA A CESIÓN DE USO DE CADROS PARA A SÚA EXPOSICIÓN NO HOSPITAL UNIVERSITARIO DE OURENSE.

#### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde asinou o día 29.07.2022 coa Fundación Xaime Quesada Blanco o instrumento convencional arriba referido, que entrou en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia durante dous anos. Non obstante, as partes de mutuo acordo poderán, en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia, acordar a súa prórroga por un período de ata dous anos adicionais.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A cesión de uso, ao Servizo Galego de Saúde (Xerencia da área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras), das 25 obras que se relacionan no anexo I do convenio, para proceder a súa exposición pública nos espazos que a Xerencia da área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras pon a súa disposición no Hospital Universitario de Ourense.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

De conformidade co previsto no artigo 92 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, o Servizo Galego de Saúde configúrase como organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, creado por Lei 1/1989, de 2 de xaneiro do Servizo Galego de Saúde, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o adecuado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

A Fundación Xaime Quesada Blanco, segundo dispón o artigo seis dos seus estatutos, ten como obxecto, entre outros:

- Preservar o patrimonio artístico de Xaime Quesada Blanco e Xaime Quesada Porto e a súa unidade como parte do patrimonio desta Fundación, e que formará parte do patrimonio

artístico de Galicia.

- Fomentar o coñecemento da obra pictórica e escultórica de Xaime Quesada Blanco e Xaime Quesada Porto e preservar a súa memoria artística dentro da historia da arte contemporáneo de Galicia e participar na súa difusión no ámbito de Galicia, España, Europa e no resto do mundo.
- Promover a creación dun Museo de Arte Contemporáneo e participar na súa xestión xunto coas institucións que se determinen, que teñan como obxectivo principal a conservación, a exposición e a difusión da obra de Xaime Quesada Porto e Xaime Quesada Blanco e toda aquela que forme parte do patrimonio da Fundación.
- Calquera outro fin que o padroado considere de interese relacionado coa cultura artística.

A Fundación Xaime Quesada Blanco, conforme ao acordo do padroado do día 29 de xuño de 2017, cede o uso de forma gratuíta ao Servizo Galego de Saúde de vinte e dúas obras de Jaime Quesada Porto e tres de Xaime Quesada Blanco, para a súa exposición no Hospital Universitario de Ourense, co fin de dar a coñecer e difundir a obra dos citados artistas.

O Servizo Galego de Saúde está interesado en expoñer no Hospital Universitario de Ourense as obras de Xaime Quesada Porto e de Xaime Quesada Blanco, obxecto de cesión gratuíta, que se relacionan no anexo 1 do convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

Non obstante, con relación á publicación deste convenio, existen evidentes motivos de seguridade, expresamente manifestados pola unidade que propuxo a súa tramitación, para excluír dos datos publicados o valor das obras expostas.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

